



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO "ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS E INSTALACIÓNS PARA COMEDOR ESCOLAR NO CEIP O PIÑEIRIÑO (VILAGARCÍA DE AROUSA)"**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Concello de Vilagarcía de Arousa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017. Esta vixencia poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes no caso de que non se rematasen as obras previstas nel.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Articular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Vilagarcía de Arousa para levar a cabo as obras do proxecto de "Acondicionamento de espazos e instalacións para comedor escolar no CEIP O Piñeiriño (Vilagarcía de Arousa)".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A lexislación de réxime local establece como unha das competencias propias dos concellos a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jesús Oitavén Barcala

